

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E O COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA TÉCNICA EN INFORMÁTICA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE FORMACIÓN, CAPACITACIÓN E PROMOCIÓN NO ÁMBITO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN EN GALICIA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, **don Julián Cerviño Iglesia**, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, co NIF Q1500382E, actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra parte **don Marcos Jaime Mata Mansilla**, con NIF 44830070B, Presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia, co NIF Q1500326B, en nome e representación do citado Colexio, con sede no Edificio ETS Enxeñaría, Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n – 15782 Santiago de Compostela (A Coruña), en virtude das atribucións que lle confiren os Estatutos deste Colexio, aprobados polo Decreto 137/2008, do 19 de xuño, da Xunta de Galicia (DOG do 7 de xullo), así como pola Lei 8/2006 do Parlamento de Galicia, do 1 de decembro, de Creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das atribucións que teñen conferidas no nome das entidades que representan e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que, segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.



Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da Dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Segundo.- Que o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (en adiante CPETIG), segundo a Lei 8/2006 do Parlamento de Galicia, do 1 de decembro do 2006, pola que se crea o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia, así como segundo os seus Estatutos, ten entre os seus fins e funcións, a regulación do exercicio, promoción e mellora das actividades profesionais que engloban as enxeñarías técnicas en informática, e o fomento e promoción de actuacións relacionadas con este sector profesional entre as que se atopan a implantación da sociedade da información e das tecnoloxías da información en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro.- Que a Xunta de Galicia, ante o escenario dixital que nos rodea, motor dunha sociedade mellor, apostando por un modelo de crecemento vinculado á economía dixital solidaria e inclusiva– e á transparencia e participación de todos os axentes implicados no desenvolvemento económico de Galicia, está a impulsar medidas dinamizadoras da economía galega. Neste contexto, o sector das TIC galego debe converterse nunha das áreas produtivas claves no desenvolvemento económico e social de Galicia, pola súa condición de acelerador do cambio tecnolóxico e polo seu carácter transversal ao resto de sectores.

O Consello da Xunta aprobou, o 3 de decembro de 2020, a Estratexia Galicia Dixital 2030, co obxectivo de configurar un futuro dixital para todos e todas, contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental.

Así, a Estratexia Galicia Dixital 2030 constitúe unha folla de ruta para apoiar a toma de decisións no ámbito dixital na próxima década que, sobre as bases construídas, contribúa a extrapolar ideas das tendencias globais actuais, explorar algunhas das incertezas clave que darán forma ao futuro de Galicia, e anticipar mellor algunhas das eleccións e decisións que poderemos afrontar nos próximos anos.

Así mesmo, no Consello da Xunta celebrado o 2 de febreiro de 2023 aprobouse o novo Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital de Galicia, DigiTalent 2030: Camiña en Dixital. Este Plan fusiona os anteriores Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020 e o Plan DigiTalent 2020 nun único instrumento estratéxico e toma o seu relevo para enfocarse no horizonte 2030 coa misión de acadar unha sociedade máis autónoma dixitalmente que non deixe a ninguén atrás.

O novo plan alíñase co eixe estratéxico Sociedade Dixital e Inclusiva da Estratexia Galicia Dixital 2030 e está artellado en tres eixes estratéxicos: eliminar a fenda dixital, promover as competencias dixitais dos profesionais e impulsar as vocacións e o talento dixital avanzado en Galicia.

Cuarto.- Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten entre os seus obxectivos prioritarios lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que



faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico.

Quinto.- Que o CPETIG pretende a posta en marcha dunha serie de actuacións para o fomento da Sociedade da Información, que a Amtega considera de interese público, entre as que estarían:

- Scratch Day
- Girl Steam
- Control parental

É evidente pois, que a achega económica da Amtega ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese xeral, de acordo co artigo 19.4. c) da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Desenvolver plans de formación para o crecemento da Sociedade da Información e a capacitación nas tecnoloxías da información entre a sociedade.
- Incorporar a accesibilidade como condición indispensable das actuacións.
- Incrementar os contidos divulgativos en galego en Internet.
- Difusión e divulgación das vantaxes da incorporación das TIC en todos os sectores, así como do sector profesional das TIC.
- Contribuír á igualdade de xénero no sector das TIC.

Doutra banda, cómpre salientar que existe unha identidade entre os obxectivos do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

Por todo o exposto considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrência pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4. c) da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE-L-2023-81820).

En consecuencia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia acordan subscribir o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O presente Convenio de Colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia ten por obxecto a realización de actuacións de formación, capacitación e promoción no ámbito das tecnoloxías da información en Galicia.



Este convenio enmárcase dentro das accións definidas na Estratexia Dixital de Galicia 2030 e do Plan DigiTalent 2030: Camiña en dixital.

Segunda.- Descrición do proxecto.

As actuacións que se desenvolverán en base a este Convenio de Colaboración son as seguintes:

1. Scratch Day

Os obxectivos deste seminario perseguen eliminar mitos en relación á programación informática, introducir aos asistentes de forma lúdica e divertida no mundo da programación, coñecer a contorna de programación Scratch, aprender a desenvolver videoxogos coa ferramenta Scratch, concienciar da potencia da programación como medio de expresión das ideas propias e como medio de emprendemento, así como descubrir as posibilidades que poden ofrecer as TIC, especialmente en idades temperás e contribuír, así, a reducir a fenda dixital.

A través da programación fundaméntase a creatividade, o emprendemento e a cultura libre, aumenta a motivación, mellora a autonomía e trabállanse estratexias de resolución de problemas, coñécense distintos xeitos de comunicación de ideas... aspectos moi interesantes a traballar desde idades moi temperás.

O papel dos pais e a súa participación é fundamental, de xeito que tomen conciencia e sirvan de apoio aos seus fillos e fillas. Este evento debe ser o principio ou a continuación dunha labor que debe seguir na casa. Ao mesmo tempo, é bo que pais e fillos compartan tempo para desfrutar xuntos e aprender uns dos outros.

O evento está dirixido fundamentalmente a nenos e nenas de entre 7 e 15 anos acompañados dun adulto, polo que terá un carácter familiar. Preténdese que os pais e fillos compartan tempo aprendendo, desfrutando e compartindo.

- Grupo 1: rapazada de 7-11 anos
- Grupo 2: rapazada de 12-15 anos
- Grupo único: rapazada de 7 a 15 anos

Realizaranse un total de 5 seminarios, 4 deles en aulas CeMIT e un último na Cidade da Cultura. A duración de cada unha destas actividades será de 4 horas de duración, preferiblemente en sábado para facilitar a asistencia de rapaces e pais. As aulas participantes poderán escoller o grupo de idade que desexan ofertar, pero en calquera caso, so se realizará un seminario por aula.

O día que teña lugar o seminario da Cidade da Cultura desenvolverase en paralelo unha acción formativa específica en Scratch dirixida ao profesorado.

2. Girl Steam

Esta actividade consiste no desenvolvemento de obradoiros prácticos de experimentación tecnolóxica na Rede CeMIT no marco da iniciativa Girl STEAM, co obxectivo de dar visibilidade ao rol da muller no eido tecnolóxico e aos referentes neste campo para fomentar a presenza das mulleres nas carreiras STEM.



Trátase de impulsar actividades de mentorado próximo desde idades temperás dirixidas ás nenas, para espertar o seu interese e reforzar a confianza nas súas capacidades para cursar estudos STEAM a través de obradoiros formativos prácticos, onde aprender e experimentar coa tecnoloxía, coa finalidade principal de fomentar o talento e espertar vocacións tecnocientíficas.

No desenvolvemento dos obradoiros búscase trasladar mensaxes e elementos transversais como:

- A igualdade.
- Sentido crítico ante a tecnoloxía.
- Uso creativo da tecnoloxía, máis aló do mero uso e consumo.
- A colaboración e o traballo en equipo.
- A importancia das artes como ferramenta de desenvolvemento.

Celebraranse, cando menos, 30 obradoiros formativos prácticos presenciais en concellos galegos a desenvolver, preferentemente, no segundo e terceiro trimestre do ano 2025.

- Grupo 1: rapazada de 9-11 anos. Dúas sesións.
- Grupo 2: rapazada de 12-16 anos. Dúas sesións.

Cada sesión terá unha duración máxima de dúas horas.

Os obradoiros celebraranse, sempre que sexa posible, en aulas CeMIT e unha das sesións terá lugar preferentemente no centro Gaiás Tech. As aulas participantes terán a posibilidade de seleccionar o grupo de idade que desexan ofertar (grupo 1, grupo 2 ou ambos).

3. Control parental

Sesións formativas orientadas a familias onde se pretende achegar ferramentas e dinámicas para un mellor entendemento e achegamento ao uso das TIC por parte da rapazada.

Sen caer no alarmismo, abordarase este gran tema dende varias perspectivas:

- Información. Cales poden ser os riscos dun mal uso da tecnoloxía?
- Responsabilidade e exemplo. Bases dunha boa educación dixital (establecemento de horarios, límites, tempos para a desconexión dixital e, sobre todo, comunicación e presenza).
- Prevención e control. Ferramentas e aplicacións para o control parental, máis aló do Family Link.
- Recomendacións e boas prácticas para unha boa educación dixital na casa.
- Orientar ás familias no bo uso da tecnoloxía cun enfoque creativo.

Realizaranse un total de 5 seminarios, 4 nas aulas da Rede CeMIT e unha das sesións terá lugar preferentemente no centro Gaiás Tech. A duración das sesións será de 2 horas.

Terceira.- Obrigas do CPETIG



Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, o CPETIG obrígase a:

- Desenvolver, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
- Cumprir co disposto no artigo 11 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- Cumprir a normativa en materia de protección de datos e seguridade da información, concretamente, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, RXPD) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.
- Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas pola Xunta de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- Entregar todo o material elaborado dentro do marco deste convenio de acordo co establecido na cláusula décimo sexta relativa a Dereitos de explotación e propiedade intelectual baixo licenza Creative Commons BY-SA (Recoñecemento – Compartir Igual).
- Facer figurar expresamente o financiamento da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia como promotora do proxecto na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio.
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.
- Facilitar a inspección e control dos órganos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.





- O CPETIG comprométese a xustificar ante a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia todas as actuacións que se realicen ao abeiro do presente convenio.
- O CPETIG quedará sometido aos procedementos de control establecidos. A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE-L-2023-81820).

Doutra banda, o CPETIG presentou, previamente á sinatura do presente convenio, de xeito electrónico a través do procedemento PR601A habilitado ao efecto na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizouse mediante declaración responsable do seu representante legal.
- Declaración sobre calquera outra axuda de *de minimis* recibida durante os últimos tres anos (artigo 3.2 do regulamento de *de minimis*).
- Declaración de "outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades".
- Autorización á Amtega para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio. Non obstante o anterior, o CPETIG poderá revogar expresamente dito consentimento en calquera momento.
- Declaración expresa na que manifesta a súa preferencia pola notificación electrónica, no que se refire a resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

Cuarta.- Gastos subvencionables.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e a data límite de xustificación do convenio.

Os custos correspondente as dietas, viaxes, consumibles, formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados polo Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia á actividade subvencionada e, en todo



caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que se acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable para o beneficiario.

Os gastos xerais do CPETIG vinculados directamente á execución das actuacións recollidas na cláusula 2ª poderán imputarse con cargo ao presente convenio, ata un límite do 10% do total da subvención establecida nesta cláusula.

De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou agás que o gasto se houberse realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE-L-2023-81820), quedando condicionada polo establecido na normativa comunitaria sobre esta materia.

O orzamento estimado de gasto para o desenvolvemento da actuación prevista no convenio é o seguinte:

	Importe
1. Scratch Day	15.070€
2. Girl Steam	15.840€
3. Control parental	5.060€
TOTAL	35.970€

O importe asociado ás sesións formativas, de calquera das tres iniciativas descritas na cláusula segunda, que finalmente non se executen por mor dunha cancelación serán descontadas do importe global do gasto subvencionable, salvo o gasto xa realizado previo á súa cancelación, que sexa debidamente xustificado por parte do CPETIG".

Quinta.- Dirección, medios humanos e materiais.

O Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a



asumir a súa dirección, debendo proceder, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio, que en todo caso, se realizarán de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo acadar o custo total da actividade proposta.

Desta forma, de conformidade co establecido no apartado 3) do devandito artigo 27, cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención establecida neste convenio e o dito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo se autorice previamente pola Amtega.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Amtega poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo e o valor de mercado das actividades subcontratadas.

No caso de cesión de datos, a entidade subcontratada cumprirá as esixencias da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

Sexta.- Orzamento e obrigas da Amtega.

A Amtega financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de TRINTA E CINCO MIL NOVECENTOS SETENTA euros (35.970 €) con cargo á partida orzamentaria 10.A1.571A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

O financiamento por parte da Amtega das actuacións obxecto do presente convenio será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin. O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

O aboamento da achega antedita realizarase unha vez que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

Sétima.- Xustificación.

O CPETIG presentará ante a Amtega a xustificación da subvención. O prazo para presentar a xustificación finaliza o **31 de outubro de 2025** e presentarse a seguinte documentación xustificativa:

- Solicitud de pagamento.
- Excepcionalmente, no caso de que o solicitante revogase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio os certificados de que





está ao día nas súas obrigas, deberá achegar certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Seguridade Social.

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables ocorridos na súa execución.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento. Esta relación presentarase en formato PDF e así mesmo nun formato de folla de cálculo ODS de LibreOffice, para facilitar a súa revisión.
- Xustificación dos gastos realizados: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e a data límite de xustificación.
- Xustificación dos pagamentos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pago mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario, conforme ao artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os últimos tres anos (artigo 3.2 do regulamento de minimis).
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que houberen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e NIF, así como o código internacional de conta bancaria (código IBAN).
- Declaración expresa do beneficiario de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non estean vinculadas con el, de conformidade co artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento.





- Declaración responsable relativa á porcentaxe de imputación de cada un dos gastos xerais vinculados directamente á execución das actuacións recollidas na cláusula 2ª deste convenio fronte ao total de actividades desenvolvidas polo CPETIG durante o período de vixencia do Convenio. No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- Entregar cuberto o modelo de recompilación de datos, que aparece recollido como **Anexo I** no presente convenio.
- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.
- En todo caso, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Oitava.- Pagamento.

O aboamento da achega económica realizarase a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio, mediante pagamentos parciais á conta da liquidación por importe non superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, de conformidade co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Adicionalmente, con carácter xeral, e previa solicitude, poderá procederse a un anticipo de ata o 50% do importe máximo de financiamento que serán concedidos mediante resolución motivada nas condicións establecidas no artigo 31.6 da Lei 9/2007 e nos artigos 62.2 e 63 do Decreto 11/2009. O prazo para presentar a solicitude do anticipo, rematará o **30 de setembro de 2025**.

Nos termos establecidos no citado Decreto 11/2009, se o beneficiario solicita anticipo e/ou pagamentos a conta por un importe acumulado superior a 18.000,00 €, estará obrigado á presentación do xustificante acreditativo da constitución da garantía mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca e que ten que ser depositado na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia. A devandita garantía deberá cubrir o 110% do importe das cantidades aboadas á conta e polo prazo que medie entre a data de presentación do xustificante acreditativo da constitución de garantía e, como mínimo, aquel en que se cumpran dous meses desde o final do prazo de xustificación. A garantía será liberada unha vez xustificada e comprobada a realización do investimento ou a actividade obxecto de axuda, segundo se establece no artigo 67º do mencionado Decreto 11/2009.

O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, de conformidade co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

O pagamento realizarase sempre previo informe de conformidade da Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e, no seu caso, comprobación material do investimento de conformidade co artigo 30, puntos 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena.- Minoración da subvención.

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento establecido no seu clausulado, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

Décima.- Reintegro

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de gradacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ao dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obrigación de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.
- c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a perda do dereito ao cobro.

Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.

Décimo primeira.- Notificacións.





1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. No caso de persoas interesadas que, de acordo coa normativa básica, estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polos indicados interesados da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda.- Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Décimo terceira.- Comisión de seguimento.

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Amtega e dous representantes do CPETIG, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita comisión será a seguinte:

- Pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa na que delegue, e o titular da dirección da Área de Sociedade Dixital, ou persoa que a substitúa.



- Polo Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia, o seu presidente e o seu secretario, ou persoas nas que deleguen.

Esta comisión estará presidida polo director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que terá voto de calidade, e reunirse en tódalas ocasións que se estimen oportunas.

Décimo cuarta .- Publicidade.

O CPETIG consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo coa Disposición Adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Así como tamén se compromete a facilitar toda a información requirida ao abeiro do artigo 4 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. En caso de incumprimento desta obriga, estarase ao disposto no punto 4 do artigo citado.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo quinta.- Resolución.

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos.

Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.

Décimo sexta .- Modificación da concesión.

1. No caso de alteración das condicións tidas en conta neste convenio, poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente Addenda.
2. Así mesmo, cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente convenio, as partes poderán acordar a modificación do convenio a través da



formalización da correspondente Addenda, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.
- b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
- c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

Décimo sétima.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Décimo oitava.- Interpretación.

O presente convenio, que ten natureza administrativa, e rexerese pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pola lexislación en materia de contratos do sector público e polas demais normas de aplicación.

Rexerese polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ostenta a prerrogativa de interpretar, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

Décimo novena.- Dereitos de explotación e propiedade intelectual.

A documentación e o material elaborado dentro do marco deste convenio deber poñerse a disposición da sociedade en xeral, así como proceder á entrega da copia do material á Amtega, con licenzas de documentación libres aprobadas pola Free Software Foundation ou a Open Source Initiative, preferentemente coa licenza Creative Commons Recoñecemento – CompartirIgual (CC-BY-SA).

O Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia debe garantir que obtivo, no caso de ser necesario, o permiso dos titulares dos dereitos de propiedade intelectual ou do seu representante legal, para utilizar fragmentos de textos, ilustracións, mapas, sons, vídeos, gráficos ou outros elementos incluídos na obra ou obras entregadas.

O Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia deberá facer dispoñible, no caso de que a obra final sexa obtida mediante compilación ou procesamento dun ficheiro fonte ou varios, todos os ficheiros necesarios para xerar a obra, baixo as mesmas condicións que a propia obra.

A obra debe empregar formatos e estándares abertos e non deben existir restricións técnicas ou outro tipo de restricións ou limitacións que limiten as liberdades de uso,



estudo, copia, cambios, realización de melloras, distribución total ou parcial da obra e das súas modificacións.

De ser o caso, o código fonte das aplicacións desenvolvidas no ámbito deste convenio deberán poñerse a disposición da Amtega cunha licenza compatible coa definición de Software Libre ou de Fontes Abertas segundo o Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, asegurando que os programas, datos ou información que se comparten:

- a) Poden executarse para calquera propósito.
- b) Permiten coñecer o seu código fonte.
- c) Poden modificarse ou mellorarse.
- d) Poden redistribuírse a outros usuarios con ou sen cambios sempre que a obra derivada manteña estas mesmas catro garantías.

O Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio facendo constar o financiamento da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Calquera que sexa o medio de difusión, ámbalas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

Vixésima.- Normativa aplicable.

O presente convenio de colaboración rexeráse por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- A Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno.
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.



- A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de mínimos* (DOUE-L-2023-81820).

E, en proba de conformidade, asíñase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento

O director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	O presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia
Julián Cerviño Iglesia	Marcos Jaime Mata Mansilla



ANEXO I

INDICADORES A CONSIDERAR PARA O CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DO CONVENIO:

Indicador	Valor acadado
Nº total de asistentes ás xornadas, obradoiros e seminarios	
Nº total de actividades realizadas (co detalle da data e lugar de celebración)	

OUTROS INDICADORES A REPORTAR A EFECTOS ESTATÍSTICOS NO RELATIVO A "Estratexia galega sobre discapacidade", "Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes", e o "Plan Galego de Persoas Maires":

Indicador	Valor acadado
Nº de asistentes por rango de idade, por sexo ás xornadas, obradoiros e seminarios	
Nº de persoas asistentes por sexo, con discapacidade ás que se facilitase a accesibilidade ás xornadas, obradoiros e seminarios	
Nº e tipo de medidas adoptadas para mellorar a accesibilidade de persoas con discapacidade ás xornadas, obradoiros e seminarios	





ANEXO II

Nome da actuación	PERSOAS BENEFICIARIAS														Orzamento	Tipo de actividade	Observacións
	MULLERES						HOMES						PERSOAS CON DISCAPACIDADE				
	14-18 anos	19-25 anos	26-30 anos	30-35 anos	35-65 anos	> 65 anos	14-18 anos	19-25 anos	26-30 anos	30-35 anos	35-65 anos	> 65 anos	MULLERES	HOMES			

TIPO DE ACTIVIDADE

Alfabetización dixital	ALF
Acción orientada a persoas con discapacidade	DIS
Acción orientada a persoas maiores	MAI
Acción orientada á igualdade mulleres e homes	IG
Acción orientada a persoas con dependencia	DEP
Acción orientada á mocidade galega	MOC

